

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 30 DE DECEMBRO DE 2021

Ás 08:30 horas do día 30 de decembro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 29 de decembro de 2021, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Pedro María Vázquez Iglesias, suplente da xefa do Servizo de Educación (asiste ao punto 11a)
D^a. María Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste ao punto 11b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación comunica que con data do 15 de decembro de 2021 se notificou a resolución de clasificación e requirimento da documentación da cláusula 22 do PCAP e artigo 150.2 da LCSP aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes. Durante o prazo concedido, MATERIALES DE CONSTRUCCION FERNANDO ALONSO, S.L. (lotes 1, 2, 3 e 7) e ICOGA, S.L. (lote 6) constituíron a garantía para os correspondentes lotes. HIROMEGAL S.L. (lote 5) non presentou documentación ningunha.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:18	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH49-C5D22A-3924E6-33BUFS-G6PR3Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Conceder un prazo de tres días a MATERIALES DE CONSTRUCCION FERNANDO ALONSO, S.L. (lotes 1, 2, 3 e 7) e ICOGA, S.L. (lote 6) para que completen a documentación esixida na resolución do 10 de decembro de 2021
- Entender retirada a oferta presentada por HIROMEGAL S.L. no lote 5 ao non ter cumprimentado adecuadamente o requirimento no prazo sinalado 8artigo 150.2 da LCSP) e formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 26 de outubro de 2021, rematando o prazo de presentación de ofertas o 10 de novembro de 2021.

Terceiro.- Con data do 10 de decembro de 2021 a concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local, adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 26 de novembro de 2021 polo que non se admite a GARCÍ VENTA, S.L. nos lotes 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 8 deste procedemento polo motivo previsto na cláusula 14.1 do PCAP



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:18	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH49-C5D22A-3924E6-33BUFS-G6PR3Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador".

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332) na seguinte orde descendente:

- Lote 1: Materiais de construción, formigóns, morteiros e outros:

	Licitador	Puntuación total
1	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	100 puntos

- Lote 2: Materiais para pavimentos, aplacados e aparatos sanitarios:

	Licitador	Puntuación total
1	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	100 puntos

- Lote 3: Materiais para útiles e consumibles:

	Licitador	Puntuación total
1	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	95,33 puntos
2	TORRES Y SÁEZ, S.A.U.	10,00 puntos

- Lote 5: Materiais para carpintería de aluminio:

	Licitador	Puntuación total
1	HIROMEGAL, S.L.	100 puntos

- Lote 6: Materiais para fontanería e saneamento:

	Licitador	Puntuación total
1	ICOGA, S.L.	100,00 puntos
2	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	56,76 puntos

- Lote 7: Material para instalacións eléctricas:

	Licitador	Puntuación total
1	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	100 puntos



Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (B-36.641.132) (lotes 1, 2, 3 e 7), HIROMEGAL, S.L. (lote 5) (B-27.741.941) e ICOGA, S.L. (B-36.683.035) (lote 6), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Esta resolución foi notificada aos primeiros clasificados o 15 de decembro de 2021. Durante o prazo concedido, HIROMEGAL S.L. (lote 5) non presentou documentación ningunha.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 30 de decembro de 2021 entendeu retirada a oferta presentada por HIROMEGAL S.L. no lote 5 “Materiais para carpintería de aluminio” deste procedemento (artigo 150.2 da LCSP).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que a Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 30 de decembro de 2021 entendeu retirada a única oferta presentada no lote 5 “Materiais para carpintería de aluminio” deste procedemento ao abeiro do previsto no artigo 150.2 da LCSP, procede declara deserto o citado lote.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o lote 5 “Materiais para carpintería de aluminio” do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332) porque a Mesa entendeu retirada a única oferta presentada ao abeiro do previsto no artigo 150.2 da LCSP”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:18	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH49-C5D22A-3924E6-33BUFS-G6PR3Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 3 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: Declarar a urxencia na tramitación do presente expediente.

Segundo: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación urxente do contrato do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022.

Terceiro: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 29 de Novembro de 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 30 de Novembro de 2021 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 120.939,50 euros, sendo o valor estimado do contrato de 99.950,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo).

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de decembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:18	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH49-C5D22A-3924E6-33BUFS-G6PR3Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335) (lotes, 1, 2, 3, 6, 7 e 8) na seguinte orde descendente:

- **LOTE 1 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS de baile e música coa temática da obra "20.000 leguas de viaxe submarina"**

Orde	Licitador	Puntuación total
1	IMAXINERÍA, S.L.	75,55
2	FUNDACIÓN IGUALARTE	67

- **LOTE 2 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS con música e elementos móbiles suspendidos no aire coa temática da obra "20.000 leguas de viaxe submarina"**

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA, S.L.L.	89,5

- **LOTE 3 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS con música e elementos móbiles coa temática da obra "20.000 leguas de viaxe submarina"**

Orde	Licitador	Puntuación total
1	KOREMI XESTION DEPORTIVA, S.L.U.	77

- **LOTE 6 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS con elementos móbiles e coa temática "Os vehículos de Phileas Fogg"**

Orde	Licitador	Puntuación total
1	BARAFUNDA, S.L.	83

- **LOTE 7 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS de acompañamento e coa temática da obra "A volta ao mundo en 80 días"**

Orde	Licitador	Puntuación total
1	VIGOMULTIMEDIA, S.L.U.	81

- **LOTE 8 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS de acompañamento e coa temática da obra "A illa misteriosa"**

Orde	Licitador	Puntuación total
1	BIGLAB, S.L.U.	73

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMAXINERÍA, S.L. (lote 1) (B-36.914.372), ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA, S.L.L. (lote 2) (B-32.488.470), KOREMI XESTION DEPORTIVA, S.L.U. (lote 3) (B-27.729.193), BARAFUNDA, S.L.



(lote 6) (B-27.756.402), VIGOMULTIMEDIA, S.L.U. (lote 7) (B-27.706.225) e BIGLAB, S.L.U. (lote 8) (B-36.892.404), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA, S.L.L. e BARAFUNDA, S.L. xa presentaron parte da citada documentación no sobre A, polo que unicamente deberán presentar a seguinte documentación:

- ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA, S.L.L. (declaración de non estar incurso en prohibición de contratar, resgardo da garantía definitiva e Anexo IV do PCAP)
- BARAFUNDA, S.L. (resgardo da garantía definitiva, Anexo IV do PCAP e acreditación da solvencia económica de acordo coas esixencias da cláusula 8 do PCAP "Acreditarse por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito").

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, IMAXINERÍA, S.L. (lote 1) (B-36.914.372), ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA, S.L.L. (lote 2) (B-32.488.470), KOREMI XESTION DEPORTIVA, S.L.U. (lote 3) (B-27.729.193), BARAFUNDA, S.L. (lote 6) (B-27.756.402), VIGOMULTIMEDIA, S.L.U. (lote 7) (B-27.706.225) e BIGLAB, S.L.U. (lote 8) (B-36.892.404), o día 28 de decembro de 2021, que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 30 de decembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, IMAXINERÍA, S.L. (lote 1) , ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA, S.L.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:18	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH49-C5D22A-3924E6-33BUFS-G6PR3Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(lote 2) , KOREMI XESTION DEPORTIVA, S.L.U. (lote 3) , BARAFUNDA, S.L. (lote 6) , VIGOMULTIMEDIA, S.L.U. (lote 7) e BIGLAB, S.L.U. (lote 8), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMAXINERÍA, S.L. (lote 1) , ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA, S.L.L. (lote 2) , KOREMI XESTION DEPORTIVA, S.L.U. (lote 3) , BARAFUNDA, S.L. (lote 6) , VIGOMULTIMEDIA, S.L.U. (lote 7) e BIGLAB, S.L.U. (lote 8), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 22 e 28 de decembro de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na sesión do 22 de decembro de 2022, polo que non se admite a proposición de GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L. no lote 4 "ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS con música de percusión coa temática "Expedición submariña do Capitán Nemo" por terse presentado fóra do prazo de presentación de ofertas (cláusula 15.1 do PCAP "A documentación presentárase dentro do prazo fixado no anuncio da licitación").

Adxudicar a IMAXINERÍA, S.L. (CIF) o lote 1 "ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS de baile e música coa temática da obra "20.000 leguas de viaxe submarina" (B-36.914.372) do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335) por un prezo total de 8.228,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.428,00 euros.

Adxudicar a ESPECIALISTAS HÍPICA CELTA, S.L.L (B-32.488.470) o lote 2 "ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS con música e elementos móbiles suspendidos no aire coa temática da obra "20.000 leguas de viaxe submarina" do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:18	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH49-C5D22A-3924E6-33BUFS-G6PR3Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2022 (9.105-335) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do lote é de 12.342,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.142,00 euros.
- b) Propón a participación de 1 persoa cun grao de discapacidade recoñecida oficialmente superior ao 33% na composición escénica do espectáculo.

Adxudicar a KOREMI XESTION DEPORTIVA, S.L.U. (B-27.729.193) o lote 3 "ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS con música e elementos móbiles coa temática da obra "20.000 leguas de viaxe submarina" do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335) por un prezo total de 17.641,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.061,80 euros.

Adxudicar a BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402) o lote 6 "ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS con elementos móbiles e coa temática "Os vehículos de Phileas Fogg" do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335) por un prezo total de 23.490,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.076,78 euros.

Adxudicar a VIGOMULTIMEDIA, S.L.U. (B-27.706.225) o lote 7 "ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS de acompañamento e coa temática da obra "A volta ao mundo en 80 días" do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335) por un prezo total de 11.374,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.974,00 euros.

Adxudicar a BIGLAB, S.L.U. (B-36.892.404) o lote 8 "ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS de acompañamento e coa temática da obra "A illa misteriosa" do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022 (9.105-335) por un prezo total de 4.235,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 735,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 08:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:18	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH49-C5D22A-3924E6-33BUFS-G6PR3Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		